



A disposición derradeira primeira do Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal, faculta á persoa titular da consellería competente en materia de montes para a modificación dos seus anexos, sempre que a dita modificación estea fundamentada en calquera dos principios xerais incluídos no artigo 3 do dito decreto e na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Entre os principios xerais que inspiran o Decreto 50/2014, e que se recollen no seu artigo 3, figura a colaboración dos sectores implicados na produción, transformación e comercialización dos recursos forestais, consolidando a cadea monte-industria.

O Real Decreto 1088/2015, do 4 de decembro, para asegurar a legalidade da comercialización de madeira e produtos da madeira, entrou en vigor co obxectivo de establecer as disposicións necesarias para a aplicación en España do Regulamento (CE) nº 2173/2005 do Consello, do 20 de decembro de 2005 relativo ao establecemento dun sistema de licencias FLEGT aplicable ás importacións de madeira na Comunidade Europea, e do Regulamento UE nº 995/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro, polo que se establecen as obrigas dos axentes que comercializan madeira e produtos da madeira (Regulamento EUTR, polas súas siglas en inglés).

Este Real Decreto, no seu anexo II, clasifica como axentes aos propietarios forestais, privados ou públicos, que comercializan produtos de madeira aproveitados no seu propio monte ou superficie forestal (venta en cargadoiro).

Deste xeito, para unha aplicación correcta do Real Decreto, cómpre que naqueles procedementos para a realización de aproveitamentos madeireiros en montes ou terreos forestais de xestión privada nos que figuran os datos da persoa compradora (nomeadamente, o MR602A, o MR603A e o MR604B) se especifiquen os casos nos que se leva a cabo unha venda en cargadoiro. Isto esixe a modificación dos anexos II, III e V do Decreto 50/2014, de xeito que procede a aprobación dunha orde neste sentido.

Ademais, o artigo 3 do Decreto 50/2014 inclúe entre os seus principios xerais a regulación do labor das persoas propietarias e persoas titulares dos montes na execución das actuacións silvícolas e no desenvolvemento da xestión sustentable dos montes galegos, facilitando a súa procura. Isto implica dispoñer de información suficiente para coñecer as circunstancias nas que van levarse a cabo os aproveitamentos, incluíndo a súa localización e as circunstancias especiais que poden afectarlles. Con este obxectivo, e para asegurar un cumprimento axeitado do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, considérase conveniente que nos anexos III e V do Decreto 50/2014 se especifique se as parcelas están situadas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo- terrestre.